

06 Profesorado

Durante o ano 2008 continuouse coa política de estabilización e promoción do profesorado iniciada en 2004 coa aplicación da transitoria 3.^a dos Estatutos, continuada coa aprobación en 2006 do primeiro convenio colectivo do PDI laboral do sistema universitario galego e os diversos acordos da mesa sindical da UDC, que permitiron unha aplicación flexible da disposición transitoria e a estabilidade para os axudantes, co fin de garantir unha carreira académica baseada no principio de promoción mediante a cualificación.

Esta política de estabilización e promoción permitiu pasar de 154 profesores asociados a tempo completo en decembro de 2003 a 24 en decembro de 2008, o que supón que en cinco anos se estabilizou o 85% dun colectivo que era a máxima preocupación en tema de profesorado nesta universidade cando este equipo tomou posesión en xaneiro de 2004.

Como evidencia da política de promoción do profesorado son as 64 prazas convocadas de profesor contratado doutor, 7 de axudante doutor, 4 de titular de universidade e 3 de catedrático de universidade que aparecen nos cadros da memoria.

A contratación de axudantes, despois do programa trianual de dotación de prazas de axudantes vinculadas á calidade investigadora, limitouse a aquelas titu-

lacións que teñen dificultades para contratar profesorado doutor e as 13 prazas convocadas este ano foron en áreas do ámbito tecnolóxico.

Este ano completouse o programa de promoción e concretouse a necesidade apuntada na memoria do ano anterior de facilitar a realización de teses de doutoramento por parte do profesorado da UDC, coa aprobación do programa para a promoción dos titulares de escola universitaria e colaboradores. Este programa inclúe o acceso directo ao corpo de titulares de universidade de todos os titulares de escola universitaria que se acrediten e a creación das correspondentes prazas de titulares de universidade, para todos os colaboradores acreditados que o soliciten. Ademais fíxose a primeira convocatoria dun programa trianual (2008, 2009 e 2010) de 30 licenzas por curso académico que permitan, durante un cuadrimestre, dedicarse a realizar ou finalizar a tese de doutoramento ou completar a formación académica por parte dos titulares de escola universitaria e colaboradores.

Aprobouse o programa de promoción do persoal docente e investigador acreditado por adaptación do programa existente para a promoción de profesores habilitados, mantendo a filosofía de criterios obxectivos de calidade referidos a cada área de coñecemento e fixando en dúas as convocatorias anuais. Tamén se

inclúe, nesta normativa, o compromiso de crear as prazas de titular de universidade que soliciten os profesores contratados doutores acreditados para titulares de universidade.

Por último, referente á promoción, aprobouse o programa de promoción dos contratados polo programa Isidro Parga Pondal para as convocatorias anteriores a 2008, polo que a Universidade se compromete a crear un mínimo de 2 prazas anuais de titular de universidade ou contratado doutor en cada un dos cinco ámbitos de coñecemento. Poderán solicitar a creación das prazas correspondentes, os contratados Parga Pondal e Ramón y Cajal que contén coa avaliación positiva do Programa Manuel Colmeiro ou I3 e estean acreditados.

En aplicación dos compromisos asumidos en 2006 cando se aprobou a RPT, despois de incluír a actividade investigadora no POD en 2007, aprobouse a inclusión no POD da actividade por cargo académico e recoñeceu-se unha serie de créditos polas actividades realizadas nos centros referente ao intercambio de estudantes, á xestión de prácticas preprofesionais, á coordinación de mestrados universitarios e á implantación e seguimento do sistema de garantía de calidade do centro.

No curso 2008/2009 implantáronse os primeiros títulos de grao cunha redución importante de estudantes

por grupo e unha nova organización da actividade académica. A actividade docente estase a desenvolver nas titulacións de grao en tres tipos de grupos: grupo de 60 estudantes para a docencia maxistral, docencia en grupo pequeno de 20 estudantes e titorías en grupo reducido de 10 estudantes. Esta estrutura organizativa permitiu iniciar en dúas titulacións a adaptación ao EEES.

Para todas as titulacións computouse no POD, como docencia estrutural, ademais da docencia de grao, 1.º e 2.º ciclo e a actividade investigadora, un máximo do 20% desta cantidade sempre que estea xustificada por docencia de mestrado ou actividades de dirección e xestión.

O convenio asinado entre a UDC e a Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora (CNAI) permitiu levar á práctica o acordado no primeiro convenio colectivo do PDI polo que os profesores contratados por tempo indefinido e os profesores funcionarios numerarios da escala de profesores do INEF de Galicia puideron someter a avaliación a súa actividade investigadora. Nesta primeira avaliación foron recoñecidos 85 sexenios de investigación aos profesores da UDC pertencentes a estes colectivos. A UDC efectuou a avaliación docente do citado profesorado nas mesmas condicións que o profesorado funcionario.

Despois de dous anos de vixencia das medidas incentivadoras para a xubilación voluntaria do profesorado dos corpos docentes da UDC ampliouse a posibilidade de percepción do incentivo económico correspondente ao profesorado xubilado por incapacidade permanente por un período máximo de 12 anos e desde a data de resolución que recoñeza a situación de incapacidade permanente.


Aprobouse unha nova normativa de acceso aos corpos de funcionarios docentes universitarios para adaptarse ao decreto de outubro de 2007 que es-

tablece a acreditación para o acceso aos corpos docentes universitarios.

No mes de abril, o Consello de Goberno aprobou a normativa sobre permisos e licenzas do persoal docente e investigador co fin de facilitar e axilizar a tramitación das distintas solicitudes de permisos, así como posibilitar que todo o profesorado se beneficie de licenzas de ano sabático establecendo, en caso de ser necesario, a contratación de profesorado substituto.

Categoría	Dedicación		Suma
	Parcial	Total	
Asociado/a	84		84
Asociado/a tipo 1	7		7
Asociado/a tipo 2	3	1	4
Asociado/a tipo 3	98	24	122
Asociado/a tipo 3 de substitución	21		21
Axudante doutor/a		14	14
Axudante LOU		53	53
Catedrático/a de Escola Universitaria		49	49
Catedrático/a de Universidade	3	129	132
Colaborador/a		76	76
Contratado/a doutor/a		127	127
Contratado/a interino/a	3		3
Contratado/ interino/a de substitución	40	35	75
Emérito/a		2	2
Lector/a de idiomas		10	10
Mestres/as de taller ETS Mariña Civil		2	2
Profesor/a interino/a de E.O. de Náutica		1	1
Profesor/a asociado/a CC. da Saúde	3		3
Profesor/a do INEF de Galicia	1	35	36
Profesor/a numerario/a de E.O. de Náutica		5	5
Titular de Escola Universitaria	13	213	226
Titular de Universidade	3	378	381
Titular interino de Escola Universitaria	1		1
Titular interino de Universidade		1	1
Outros (persoal investigador)		38	38
Total	280	1.193	1.473

Cadro 110 Profesores/as por categorías (decembro 2008)



Cadro 111 Evolución do persoal docente e investigador. Número de profesores

Centro	Núm. PDI doctor
EU Politécnica	29
EU de Fisioterapia	13
Facultade de Dereito	68
Facultade de Ciencias	108
Facultade de Filoloxía	64
ETS de Arquitectura	37
Facultade de Socioloxía	27
Facultade de Humanidades	29
Facultade de Informática	102
EU de Deseño Industrial	5
Escola Politécnica Superior	52
ETS de Náutica e Máquinas	20
EU de Estudos Empresariais	15
EU de Arquitectura Técnica	5
EU de Enfermaría e Podoloxía	9
Facultade de Ciencias da Saúde	9
Facultade de Ciencias da Educación	80
EU de Relacións Laborais - Ferrol	2
Facultade de Ciencias da Comunicación	6
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	35
ETS de Enxeñarías de Camiños, Canais e Portos	49
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	78
Outros (persoal investigador)	38
Total	880

Cadro 112 **Profesores doutores por centros (decembro 2008)**

Área de coñecemento	Núm. Doutores/as
Álgebra	9
Análise Xeográfica Rexional	1
Anatomía e Embrioloxía Humana	5
Antropoloxía Social	4
Arquitectura e Tecnoloxía de Computador	11
Astronomía e Astrofísica	1
Biblioteconomía e Documentación	10
Bioloxía Celular	6
Bioquímica e Bioloxía Molecular	7
Botánica	4
Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica	7
Ciencia Política e da Administración	2
Ciencias da Comput. e Intelixencia Artificial	46
Ciencias e Técnicas da Navegación	6
Cirurxía	1
Comercialización e Investigación de Mercados	7
Composición Arquitectónica	4
Comunicación Audiovisual e Publicidade	3
Construcións Arquitectónicas	7
Construcións Navais	16
Cristalografía e Mineraloxía	1
Dereito Administrativo	10
Dereito Civil	10
Dereito Constitucional	6
Dereito do Traballo e da Seguridade Social	4
Dereito Eclesiástico do Estado	3
Dereito Financeiro e Tributario	4
Dereito Internac. Públ. e Relacións Internacionais	5
Dereito Internacional Privado	2
Dereito Mercantil	8
Dereito Penal	5
Dereito Procesal	4
Dereito Romano	3
Didáctica da Expresión Corporal	3
Didáctica da Lingua e da Literatura	3
Didáctica da Matemática	2
Didáctica das Ciencias Experimentais	4
Didáctica e Organización Escolar	11
Didáctica da Expresión Musical	2
Ecoloxía	3
Economía Aplicada	36
Economía Financeira e Contabilidade	17
Edafoloxía e Química Agrícola	2
Educación Física e Deportiva	34
Enfermería	3
Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fot.	1
Enxeñaría da Construción	8
Enxeñaría de Sistemas e Automática	4
Enxeñaría do Terreo	9
Enxeñaría dos Procesos de Fabricación	1
Enxeñaría e Infraestrutura dos Transportes	4
Enxeñaría Eléctrica	4
Enxeñaría Hidráulica	5
Enxeñaría Mecánica	17
Enxeñaría Química	7
Enxeñaría Telemática	9
Estatística e Investigación Operativa	15
Estratigrafía	1
Expresión Gráfica Arquitectónica	8
Expresión Gráfica da Enxeñaría	1
Filoloxía Francesa	3
Filoloxía Galega e Portuguesa	12
Filoloxía Inglesa	16
Filoloxía Latina	4

Área de coñecemento	Núm. Doutores/as
Filoloxía Románica	2
Filosofía	2
Filosofía do Dereito	6
Filosofía Moral	1
Física Aplicada	14
Física da Materia Condensada	1
Fisioloxía	4
Fisioloxía Vexetal	4
Fisioterapia	1
Fundamentos da Análise Económica	17
Historia Antiga	2
Historia Contemporánea	2
Historia da Arte	4
Historia do Dereito e das Institucións	2
Historia do Pensamento e Mov. Sociais e Políticos	1
Historia e Institucións Económicas	5
Historia Medieval	2
Historia Moderna	2
Lingua Española	9
Linguaxes e Sistemas Informáticos	7
Lingüística Xeral	6
Literatura Española	8
Lóxica e Filosofía da Ciencia	1
Máquinas e Motores Térmicos	10
Másteres	2
Matemática Aplicada	31
Mecánica de Fluidos	3
Mecánica dos Medios Cont. e Teoría de Estruturas	14
Medicina	7
Medicina Preventiva e Saúde Pública	4
Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	3
Metodos Cuant. Economía y Empresa	3
Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	10
Microbioloxía	6
Organización de Empresas	11
Otorrinolaringoloxía	2
Paleontoloxía	4
Personalidade, Avaliación e Trat. Psicolóxicos	6
Proxectos Arquitectónicos	4
Psicobioloxía	4
Psicoloxía Básica	3
Psicoloxía Evolutiva e da Educación	15
Psicoloxía Social	4
Psiquiatría	1
Química Analítica	18
Química Física	12
Química Inorgánica	10
Química Orgánica	9
Radioloxía e Medicina Física	6
Socioloxía	24
Tecnoloxía do Medio Ambiente	4
Tecnoloxía Electrónica	1
Teoría da Literatura	3
Teoría do Sinal e Comunicacions	3
Teoría e Historia da Educación	4
Urbanística e Ordenación do Territorio	6
Xenética	6
Xeodinámica Externa	2
Xeografía Humana	1
Xornalismo	2
Zooloxía	10
Outros (Persoal investigador)	38
Total	880

Cadro 113 Profesores doutores por área de coñecemento

Concursos convocados no ano 2008	Contratos ou prazas que amortizan												Total concursos
	Axudante doutor/a	Axudante LOU	Contratado/a interino/a de substitución	Investigador/a Programa Parga Pondal	Investigador/a Programa Ramón y Cajal	Profesor/a asociado/a tipo 3	Profesor/a asociado/a tipo 3 de substitución	Profesor/a colaborador/a	Profesor/a colaborador/a doutor/a	Profesor/a contratado/a doutor/a	Profesor/a titular de Universidade	Contratos ou prazas novas	
Axudante doutor/a	4											3	7
Axudante LOU			2									11	13
Catedrático/a de Universidade										2		1	3
Contratado/a interino/a de substitución												56	56
Profesor/a asociado/a tipo 1												6	6
Profesor/a asociado/a tipo 3		1				10	1	1				33	46
Profesor/a asociado/a tipo 3 de substitución												1	1
Profesor/a contratado/a doutor/a	9	7	2	6	1	16		1	17			5	64
Profesor/a titular de Universidade						1				3			4
Total	9	12	4	6	1	27	1	2	17	3	2	116	200

Cadro 114 Concursos convocados no ano 2008 por categorías

Concursos convocados durante o ano 2008 por áreas de coñecemento	Axudante doutor/a	Axudante LOU	Catedrático/a de Universidade	Contratado/a interino/a de substitución	Profesor/a asociado/a tipo 1	Profesor/a asociado/a tipo 3	Profesor/a asociado/a tipo 3 de substitución	Profesor/a contratado/a doutor/a	Profesor/a titular de Universidade	TOTAL
Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores	2			3				1		6
Biblioteconomía e Documentación								3		3
Bioquímica e Bioloxía Molecular	1									1
Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica		2		1						3
Ciencias da Comput. e Intelixencia Artificial		2		6		2		6		16
Ciencias e Técnicas da Navegación				3		1				4
Comercialización e Investigación de Mercados								2		2
Composición Arquitectónica				1				1		2
Comunicación Audiovisual e Publicidade				1						1
Construcións Arquitectónicas				1						1
Construcións Navais				2						2
Dereito Administrativo								1		1
Dereito Civil						1				1
Dereito Eclesiástico do Estado									1	1
Dereito Internac. Públ. e Relacións Internacionais	1									1
Dereito Penal				2				1		3
Dereito Procesal				3						3
Didáctica da Lingua e da Literatura								1		1
Didáctica e Organización Escolar	1			1				1		3
Economía Aplicada				1		1		2		4
Economía Financeira e Contabilidade				2						2
Educación Física e Deportiva				1						1
Enfermaría						2				2
Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogram.				1						1
Enxeñaría da Construción				1				2		3
Enxeñaría de Sistemas e Automática								1		1
Enxeñaría do Terreo						3				3
Enxeñaría e Infraestrutura dos Transportes									1	1
Enxeñaría Eléctrica				1		1				2
Enxeñaría Mecánica		2						2		4
Enxeñaría Química								1		1
Enxeñaría Telemática		1		1				1		3

Cadro 115 Concursos convocados en 2008 por áreas de coñecemento (segue)

Concursos convocados durante o ano 2008 por áreas de coñecemento	Axudante doutor/a	Axudante LOU	Catedrático/a de Universidade	Contratado/a interino/a de substitución	Profesor/a asociado/a tipo 1	Profesor/a asociado/a tipo 3	Profesor/a asociado/a tipo 3 de substitución	Profesor/a contratado/a doutor/a	Profesor/a titular de Universidade	TOTAL
Estatística e Investigación Operativa			1	1				6		8
Filoloxía Francesa				1						1
Filoloxía Galega e Portuguesa				1						1
Filoloxía Inglesa				1				1	1	3
Filosofía								2		2
Filosofía do Dereito								1		1
Física Aplicada	1									1
Fisioterapia				3		2	1			6
Historia da Arte				2						2
Historia do Pensamento e Mov. Sociais e Políticos				1						1
Linguaxes e Sistemas Informáticos		1						3	1	5
Máquinas e Motores Térmicos		1						2		3
Matemática Aplicada		1		2		1		9		13
Mecánica dos Medios Cont. e Teoría de Estructuras								2		2
Medicina						1				1
Organización de Empresas								4		4
Proxectos Arquitectónicos		3		3				2		8
Proxectos de Enxeñaría						2				2
Psicobioloxía								1		1
Psicoloxía Evolutiva e da Educación			1	2				1		4
Psicoloxía Social				1						1
Química Analítica				1						1
Química Física								1		1
Química Inorgánica			1							1
Radioloxía e Medicina Física					6	1				7
Socioloxía				2				1		3
Tecnoloxía Electrónica								1		1
Teoría e Historia da Educación	1			1				1		3
Traumatoloxía e Ortopedia						1				1
Xenética				1						1
Zooloxía				1						1
Docencia mestrados						27				27
Total	7	13	3	56	6	46	1	64	4	200

Cadro 115 (continuación) Concursos convocados en 2008 por áreas de coñecemento